

Disposición transitoria. *Medios actualmente comercializados.*

As comunicacións correspondentes aos medios de defensa fitosanitarios afectados por esta orde que se estean comercializando actualmente deberanse presentar no prazo de dous meses contados a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de maio de 2007.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO

Información mínima que deben conter as comunicacións e solicitudes relativas ao rexistro dun medio de defensa fitosanitario

1. Obxecto da comunicación, debendo especificar se se refire:
 - a) Á inscrición no Rexistro.
 - b) Á modificación de inscrición.
 - c) Á petición de certificado rexistral.
 - d) Á baixa no Rexistro.
2. Clase de medio de defensa fitosanitario:
 - a) Un organismo de control biolóxico.
 - b) Un organismo doutra natureza.
 - c) Un produto.
 - d) Unha trampa ou outro dispositivo.
3. Denominación comercial, especificando o nome, a marca, etc.
4. Identificación do medio de defensa fitosanitario, mediante a indicación do nome científico, compoñentes e tipo de preparado, modelo, etc., segundo corresponda.
5. Produtor ou fabricante, especificando:
 - a) Nome e apelidos ou razón social.
 - b) Enderezo postal.
6. Situación das instalacións de produción, especificando enderezo postal.
7. Responsable da comercialización en España, especificando o nome e apelidos ou razón social, enderezo postal e demais datos para comunicacións (teléfono, fax e enderezo de correo electrónico).
8. O lugar e a data en que se realiza a comunicación.
9. A responsabilidade, o nome e apelidos e a sinatura de quen realiza a comunicación.

MINISTERIO DE XUSTIZA

10765 *ORDE JUS/1492/2007, do 21 de maio, sobre organización da Avogacía do Estado no ámbito autonómico.* («BOE» 129, do 30-5-2007.)

A recente modificación do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, a través do Real decreto 3/2007, do 12 de xaneiro, exige dun desenvolvemento regulamentario que especifique e desenvolva as funcións e competencias dos avogados do Estado-xefes nas comunidades autónomas,

como instancia funcional de apoio e coordinación das avogacías do Estado provinciais, de asesoramento especial ao delegado do Goberno na comunidade autónoma e de auxilio á propia Avogacía xeral do Estado.

En canto ás súas funcións, e ademais do asesoramento especial ao delegado do Goberno, que implica un asesoramento permanente, directo e inmediato, e a asistencia ás comisións territoriais de asistencia aos delegados do Goberno, estas desenvólvense en dous ámbitos distintos: con maior intensidade, desempéñanse respecto dos chamados asuntos supraprovinciais de toda a comunidade autónoma, respecto dos cales o avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma vén desempeñar as funcións dun avogado do Estado-xefe de unidade. Tales asuntos son aqueles cuxa importancia transcende dos límites provinciais, e mesmo, podería ser, dos autonómicos; pero non se trata de convertelos na categoría xeral, nin de centralizar sistematicamente estas cuestións sen atender á utilidade da devandita centralización, senón de ponderar o interese do seu tratamento único a nivel de comunidade autónoma. Nestes casos, as relacións e consulta coa Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado corresponderánlle, en principio, ao avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma.

O outro labor principal do avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma estará constituído pola coordinación e o apoio ás avogacías do Estado provinciais, tanto na epígrafe de criterios de actuación coma na de medios persoais e materiais.

Por tanto, estas funcións non empecen as dos avogados do Estado-xefes na Administración periférica agora actúantes, complementando o seu labor desde unha perspectiva acomodada á realidade territorial do Estado.

Por último, a atribución das funcións de coordinación e dirección no ámbito autonómico que desempeñarán as unidades da Avogacía do Estado en que se integra esta figura, exige que determinadas actividades e tarefas de orde administrativa e de xestión sexan asumidas pola organización daquelas e executada por unha unidade de apoio de carácter horizontal, nos termos previstos no artigo 19.2 do Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma.*

1. Para a coordinación da asistencia xurídica e o apoio ás avogacías do Estado provinciais, no territorio de cada comunidade autónoma haberá un avogado do Estado-xefe, na correspondente delegación do Goberno, que se localizará na cidade onde teña a súa sede a delegación do Goberno respectiva. As avogacías do Estado nas cidades de Ceuta e Melilla integraranse, para os efectos desta orde, na xefatura da Comunidade Autónoma de Andalucía, sen prexuízo das adaptacións que procedan de conformidade co artigo 2.

2. De conformidade co previsto no artigo 8.3 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, o posto de traballo de avogado do Estado-xefe no territorio da comunidade autónoma substitúe o de avogado do Estado-xefe na provincia onde teña a súa sede, asumindo as súas competencias e funcións.

3. Ademais das funcións referidas no parágrafo precedente, e sen prexuízo da superior dirección da Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, o avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma exercerá o asesoramento especial á Delegación do Goberno na respectiva comunidade autónoma, que implica en todo caso a asistencia ás comisións territoriais

de asistencia aos delegados do Goberno, previstas no artigo 28 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, para as comunidades autónomas pluriprovinciais, así como no artigo 12 do Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, para as comunidades autónomas uniprovinciais; a dirección dos asuntos de transcendencia supraprovincial; a coordinación da asistencia xurídica á Administración periférica da Administración xeral do Estado na comunidade autónoma; o apoio ás avogacías do Estado provinciais, e a asistencia á Avogacía xeral do Estado, nos termos desta orde.

Artigo 2. *Atribución das súas funcións a outro avogado do Estado.*

1. De conformidade co previsto no artigo 8.5 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo, se as especialidades de configuración dos tribunais superiores de xustiza ou dos órganos obxecto de asesoramento así o aconsellan ou requiren, a Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado establecerá a atribución de parte das funcións e competencias do avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma descritas nos artigos 1.3, 3, 4 e 5 desta orde, a outro avogado do Estado, respecto de todo ou parte do territorio da comunidade autónoma.

2. En tales supostos, a Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado establecerá, mediante instrución, as regras de relación do devandito avogado do Estado co avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma e coa propia Avogacía xeral do Estado, adaptando o disposto nesta orde en atención ás circunstancias de cada caso, podéndolle atribuír ao avogado en que recaia esta asignación de funcións unha denominación descritiva delas.

3. En todo caso, atribuirase a función de coordinación da asistencia xurídica contenciosa, e aquelas competencias e funcións que o seu exercicio implique, nos avogados do Estado-xefes das avogacías do Estado que se localicen na sede do Tribunal Superior de Xustiza da comunidade autónoma ou das súas salas desconcentradas e que se conteñen no anexo desta orde, respecto do ámbito territorial da comunidade autónoma ou da sala respectiva, nos termos en que se estableza na instrución de desenvolvemento sinalada no parágrafo precedente. Se as circunstancias de localización dos órganos xudiciais e cargas de traballo que fan necesaria esta atribución cambiasen, a Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado poderá motivadamente suprimir ou modificar estas atribucións.

Artigo 3. *Asuntos de transcendencia supraprovincial.*

1. A determinación das categorías de asuntos ou grupos de asuntos das avogacías do Estado na Administración periférica do Estado na comunidade autónoma que se consideran de transcendencia supraprovincial, así como a súa modificación ou revogación, será realizada pola Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, de oficio ou por proposta do avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma, e, neste último caso, oídos os avogados do Estado-xefes na Administración periférica do Estado en tal comunidade autónoma, en atención ao seu ámbito de influencia, carácter reiterado ou similar nas provincias e importancia cuantitativa ou cualitativa daqueles. Non será empezo para esta cualificación a formulación de asuntos iguais ou similares noutra comunidade autónoma, ben que en tal caso será ponderado especialmente pola Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado o interese do seu tratamento no ámbito autonómico.

2. A asignación desta calidade a un asunto concreto será realizada polo avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma, oído o avogado do Estado-xefe na provincia en que se suscite, e dando conta diso, xunto co resultado da audiencia, á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

Co fin de que o avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma poida realizar tal asignación, os avogados do Estado-xefes na Administración periférica do Estado en tal comunidade autónoma porán no seu coñecemento, o antes posible, a existencia de asuntos susceptibles, na súa opinión, de seren cualificados como de transcendencia supraprovincial, sen prexuízo da posta de manifesto periódica dos asuntos que lles corresponde levar, que se realizará mediante as reunións de coordinación ou outros medios que determine o avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma.

3. Os avogados do Estado-xefes en cada comunidade autónoma exercerán as funcións seguintes respecto dos asuntos ou grupos de asuntos de transcendencia supraprovincial, sen prexuízo da superior dirección e competencias da Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado:

a) Dispor a distribución daqueles entre os avogados do Estado da comunidade autónoma, con independencia da súa provincia de destino, oído o avogado do Estado-xefe ou os avogados do Estado-xefes da provincia ou provincias afectadas, e pódoo en coñecemento da Avogacía xeral do Estado para que faga, de ser o caso, o correspondente encargo.

b) Levar a súa dirección, e resolver as dúbidas e discrepancias de criterio xurídico entre as avogacías do Estado da comunidade autónoma que afecten estes. O avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma elevará á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado as consultas que procedan de conformidade coa normativa e instrucións vixentes.

A regulación específica de carácter deontolóxico que existe para resolver as discrepancias de criterio técnico coa xefatura será de aplicación ás que se suscitasen entre o avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma e os avogados do Estado-xefes nas provincias.

c) Dirixir as comunicacións coa Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado e demais centros ou autoridades nos casos en que for necesario.

d) Asumir persoalmente os asuntos cando, pola súa índole ou relevancia, o considere procedente.

e) Desempeñar as competencias que asignan aos avogados do Estado-xefes os artigos 36.2, 46.5 e 68.2 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, aprobado polo Real decreto 997/2003, do 25 de xullo.

Artigo 4. *Outras funcións.*

Correspóndelles, así mesmo, aos avogados do Estado-xefes nas comunidades autónomas respecto de todos os asuntos que lles corresponde levar ás avogacías do Estado na Administración periférica do Estado na súa comunidade autónoma, sexan ou non de transcendencia supraprovincial, e sen prexuízo da superior dirección e competencias da Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado:

a) A coordinación da asistencia xurídica prestada no ámbito da comunidade autónoma. A devandita coordinación enténdese sen prexuízo da facultade dos avogados do Estado-xefes na Administración periférica do Estado da súa comunidade autónoma de relacionárense directamente coa Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, e elevaren consulta de acordo coa normativa e instrucións vixentes.

b) En todo caso, a coordinación, seguimento e preparación daqueles recursos xurisdiccionais de carácter

doutrinal ou unificatorios que poidan establecer as leis procesuais no ámbito dos tribunais superiores de xustiza, nos termos que estableza a Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

c) Convocar, de oficio ou por instancia dun avogado do Estado-xefe na Administración periférica do Estado na súa comunidade autónoma, e, en todo caso, presidir e moderar reunións periódicas de avogados do Estado-xefes das avogacías do Estado na Administración periférica do Estado na comunidade autónoma, co fin de determinar cales son os asuntos de transcendencia supraprovincial e fixar criterios respecto deles, así como de, en xeral, coordinar a asistencia xurídica prestada no ámbito da comunidade autónoma. O avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma coidará de que tales reunións teñan unha periodicidade polo menos trimestral, e dará conta das súas conclusións á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

Os avogados do Estado-xefes nas comunidades autónomas poderanlle propor á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado a asistencia dos avogados do Estado-xefes nos ministerios que puidesen estar directamente afectados pola reunión.

Os avogados do Estado-xefes en comunidades autónomas de carácter uniprovincial poderán solicitar a súa participación nas devanditas reunións ou serán invitados a elas, cando por razón dos asuntos que se van tratar poida ser de interese coordinar a súa asistencia xurídica.

Así mesmo, os avogados do Estado-xefes nas comunidades autónomas poderanlle propor á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado a realización de reunións de coordinación entre avogados do Estado-xefes nas comunidades autónomas.

d) Establecer e manter canles apropiadas de relación entre as avogacías do Estado periféricas, entre estas e outras avogacías do Estado intervinientes ou relacionadas cos asuntos que lles corresponde levar, e entre as avogacías do Estado periféricas e os órganos e organismos asistidos, preferentemente telemáticos, que garantan a intercomunicación e o apoio para a boa prestación da asistencia xurídica e que faciliten a súa coordinación conforme os criterios e directrices da Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

e) Recibir información dos asuntos máis transcendentes das avogacías do Estado periféricas na súa comunidade autónoma, así como das estatísticas elaboradas por elas, sen prexuízo, neste último caso, da obriga de remisión á Avogacía xeral que lles compete aos avogados do Estado-xefes de cada unidade.

f) Asegurar a cobertura provisional do servizo mediante a distribución interprovincial de asuntos entre as avogacías do Estado na Administración periférica do Estado na súa comunidade autónoma, en caso de ausencia, vacante ou enfermidade de todos os avogados do Estado dunha provincia ou de parte deles. Neste último caso, só actuará se causa grave disfunción no servizo e por proposta do avogado do Estado-xefe na respectiva provincia, todo iso facéndolle as pertinentes propostas á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, que fará, se é o caso, os correspondentes encargos.

En atención ás especiais circunstancias de situación xeográfica ou de efectivos dispoñibles, poderalle propor igualmente á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado que a devandita cobertura poida ser realizada por avogacías do Estado sitas noutras comunidades autónomas, logo de audiencia dos avogados do Estado-xefes nelas.

Para estes efectos deberá ser informado das propostas de licenzas ou permisos formuladas polos avogados do Estado en cada avogacía. Se os efectivos dispoñibles na comunidade autónoma non fixesen posible dispor a devandita cobertura provisional, poderalle propor á Avo-

gacía xeral do Estado a denegación ou modificación das propostas.

g) En xeral, a distribución interprovincial de asuntos en supostos de exceso de carga de traballo para algunha avogacía do Estado periférica na comunidade autónoma, por iniciativa do avogado do Estado-xefe na unidade afectada polo devandito exceso, facendo as pertinentes propostas á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, que fará, de ser o caso, os correspondentes encargos.

h) A coordinación e supervisión das funcións atribuídas aos avogados do Estado-xefes nas provincias respecto dos letrados habilitados polo artigo 68.2 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado.

i) A coordinación e supervisión do recoñecemento e exigencia de aboamento das custas procesuais que se desenvolvan nas respectivas avogacías provinciais.

j) Recibir información das incidencias máis transcendentales que se susciten, no desempeño da función atribuída polo artigo 71.1. d) do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado nas avogacías do Estado na Administración periférica do Estado na súa comunidade autónoma, aos avogados do Estado-xefes das avogacías do Estado na Administración periférica sitas na comunidade autónoma e facerlle á Avogacía xeral do Estado as propostas organizativas que considere convenientes en relación cos medios materiais e o persoal de apoio das devanditas avogacías, por proposta ou, de ser o caso, con coñecemento do avogado do Estado-xefe da provincia. En todo caso, correspóndelle o control e a coordinación da execución do proxecto informático da Avogacía xeral do Estado nas avogacías do Estado provinciais na súa comunidade autónoma e do mantemento da súa rede informática, e a coordinación da política de sedes das avogacías provinciais sitas no territorio da comunidade autónoma e da xestión do mantemento das súas instalacións.

Artigo 5. *Asistencia á Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.*

1. Os avogados-xefes nas comunidades autónomas asistirán a Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado na formación de criterios unitarios de interpretación e actuación, resolución de consultas, elaboración de circulares e instrucións e calquera outra de natureza análoga que o avogado xeral do Estado xulgue procedente someter ao seu coñecemento e estudo.

2. Para estes efectos, e sen prexuízo da utilización doutros medios, serán convocadas pola Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado reunións periódicas de coordinación.

Artigo 6. *Unidades de apoio.*

1. De conformidade co previsto no artigo 19.2 do Regulamento do Servizo Xurídico do Estado, existirán unidades de apoio de carácter horizontal e adscritas ás avogacías do Estado cuxos xefes desempeñen as funcións previstas nesta orde, que asumirán a xestión administrativa, de comunicación e de información, que dean resposta ás necesidades que xurdan como consecuencia da coordinación e dirección dos asuntos que se lles atribúen aos avogados do Estado-xefes nas comunidades autónomas.

2. As funcións destas unidades de apoio comprenderán o control da documentación e a información relativa a asuntos supraprovinciais e a asuntos obxecto de coordinación polo avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma e a xestión do material que iso xere; a xestión dos mecanismos de relación e comunicación coa Avogacía xeral do Estado, as avogacías do Estado provinciais na comunidade autónoma, e os órganos administrativos e xudiciais; a xestión da coordinación e control do recoñe-

cimento e a exigencia de custas procesuais no territorio da comunidade autónoma; así como as competencias que derivan da xestión de medios persoais e materiais por parte do avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma que establece esta orde: de xeito sinalado, a execución do proxecto informático da Avogacía do Estado e o mantemento da rede informática das avogacías do Estado provinciais, estudo e proposta verbo das necesidades de efectivos na comunidade autónoma e o control de licenzas e permisos para o exercicio das competencias de proposta de repartición de asuntos e redistribución de efectivos atribuídas nesta orde ao avogado do Estado-xefe na comunidade autónoma, e estudo e proposta en relación coas instalacións das avogacías do Estado provinciais sitas na comunidade autónoma.

3. A estrutura destas unidades de apoio determinárase na relación de postos de traballo da Avogacía xeral do Estado e estará en función do número de avogacías do Estado en cada comunidade autónoma e do volume de asuntos naquelas.

Artigo 7. *Desenvolvemento.*

A Avogacía xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado poderá ditar cantas instrucións sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Madrid, 21 de maio de 2007. -O ministro de Xustiza, Mariano Fernández Bermejo

ANEXO

Atribucións de conformidade co artigo 2.3

Avogados do Estado-xefes en:

Albacete.
Burgos.
Bilbao.
Málaga.
Granada.
Cáceres.